

## Texto : A Maruxaina

Conta a lenda que A Maruxaina é unha serea loura, metade peixe, metade muller. Vive nunha cova nas illas Farallóns, entre percebes e mexillóns. Nos días de temporal toca o corno; uns din que para avisar os mariñeiros do perigo, outros din que é para enganalos e facelos naufragar.

En agosto celébrase unha festa na que os homes van ao mar buscar á Maruxaina, facendo soar cornos e bucinas para non escoitaren o canto da serea.

Como imaxinas ti a Maruxaina? Completa a ficha e fai un debuxo.

A Maruxaina é unha serea moi fermosa.

Ten o pelo \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_.

Os seus ollos son \_\_\_\_\_ e ten unha mirada

\_\_\_\_\_.

Leva vestido \_\_\_\_\_

de cor \_\_\_\_\_.

Vive \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_.

## ADIVIÑA DE ANIMAIS

Xoga a adiviñar, completa e debuxa.

**Pequena, branca e negra.  
Sempre trae a primavera.**

**É a \_\_\_\_\_**

**Ten fermosa memoria,  
bo olfacto e dura pel  
e o maior nariz  
que no mundo podes ver.**

**É o \_\_\_\_\_**

**Teño dúas patas,  
un peteiro moi longo  
e fago o meu niño enriba  
dun campanario.**

**É a \_\_\_\_\_**

**A miña picada é perigosa,  
o meu corpo insignificante,  
pero o néctar que fabrico,  
comédelo nun instante.**

**É a \_\_\_\_\_**